

COÑECER, QUERER E DEFENDER O PATRIMONIO CULTURAL

Este é un programa inacabado. Da propia dinámica improvisaranse e nacerán outras actividades. As “Portas Ártabras” están abertas a recibir e informar:

“COÑECER GALICIA”

Viaxar de xeito colectivo é algo máis que aprender, é convivir, compartir o que os seres humanos fixemos e desfixemos ao longo da historia: arqueoloxía, arte, etnografía, paisaxe... Deste xeito, a institución do museo proxéctase máis alá do seu continente e das vitrinas ao verdadeiro escenario do acontecer cotián. Roteiros de autor, diferentes, para cada estación do ano, onde sempre haberá algo novo.

“COÑECE A TÚA CIDADE”

A cidade define aos seus habitantes, verdadeiro museo de actores, onde todo comunica a quen sensiblemente se achega a preguntar. Son paseos explicados polas propias rúas, as súas institucións, monumentos, empresas...

“COÑECE OS TEUS MUSEOS”

Hai algo máis que o continente dun museo e que o mesmo contido, formado por obras de arte, por artefactos, curiosidades e explicacións. A institución do museo é un xeito científico de conservar, documentar, estudar, divulgar ou sensibilizar.

PORTAS ABERTAS A OUTROS COLECTIVOS

O noso espazo de cultura está aberto a todos os colectivos que ansían sensibilizar sobre á inmensidade cultural, máis aínda cando se están a limitar espazos.

“LUNS DE PROXECCIONS DE ARTE

Proxeccións de documentais e audiovisuais de autoría propia ou cedidos.

“XOVES DE VIAXES, ARTE E CULTURA”

Os xoves de cada semana impartiranse conferencias e leccións que, guiadas por especialistas, introducirán ao universo da cultura e dentro dela da creación.

“SEGUNDO XOVES DE MES”: SIMBOLISMO

O enxeñeiro e especialista en simboloxía medieval Xosé Luís García Dornelas, cada segundo xoves de mes, axudado de imaxes, introduce á linguaxe dos símbolos.

CICLO “COMO SE VISITA UN MUSEO”

Cursiño anual dirixido especialmente a pedagogos, estudantes de turismo, animadores culturais, realizado co ansia de iniciar sobre as posibilidades

didácticas e limitacións que ofrece a institución do museo. Experimentando tamén xeitos de interpretar a cidade e o medio. Repaso do estado da cuestión dos museos.

TERTULIAS, CONFERENCIAS, CURSOS

Seminarios feitos de xeito teórico-práctico coa ansia de sensibilizar sobre o valor cultural das creacións e os camiños da Arte, Arqueoloxía, Historia, Etnografía...

1 DE ABRIL: “DÍA DAS ARTES DE GALICIA”

En conmemoración da mesma data do ano 1188 no que se erguen os linteis do Pórtico da Gloria, baixo a dirección do Mestre Mateo e segundo consta labrado nos mesmos. Neste 2026, dedicado pola Academia G. de B. Artes ao fotógrafo allaricense Xosé Suárez Fernández (1902-1974).

18 DE ABRIL “DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E DOS SITIOS ”

Celebración da xornada para coñecer o estado da cuestión sobre o patrimonio cultural como escenario da “memoria colectiva” e como recurso museístico.

18 DE MAIO “DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS”

Celebración dedicada a espallar a significación do museo na educación e na cultura. Xornada na que se dá a coñecer o “PREMIO PEDRA DO DESTINO” á conservación e difusión do patrimonio cultural.

16 DE NOVIEMBRE: “DÍA DO PATRIMONIO MUNDIAL”

Xornada para unha reflexión sobre o estado da cuestión e rendibilidade do patrimonio cultural máis significativo.

CONCURSO FOTOGRÁFICO “OBXECTIVO DA MEMORIA”

O tema é o estado da cuestión do Patrimonio Cultural de Galicia. Bases na web.



Procesión do Pan de Oseiro (Arteixo)



Casa de D. Ramón en Trasalba



AMIGOS
dos
MUSEOS
de
GALICIA

CIBERVIAXES

Menéndez Pelayo, 12 / 15005 A Coruña
[T] 981 216 600
Email: info@ciberviaxes.net
www.ciberviaxes.net

2026 ACTIVIDADES 2026

Real Academia Galega de Belas Artes

1 de abril de 2026

Día das Artes Galegas

JOSÉ SUÁREZ



Jose Suarez, Xosé Suárez, na casa Matilde, 1908 (código José Suárez, 2026)

Cartel Día das Artes Galegas 2026



AMIGOS dos MUSEOS de GALICIA
PORTAS ÁRTABRAS

A CULTURA, A SINGULARIDADE FRONTE Á ESTANDARIZACIÓN

Velaquí a proposta de actividades para o ano 2026, cando o noso colectivo cumpre medio século de vida ininterrompida. Converte a participación, a sumarte á inmensidade desa cultura que nos identifica, noso singular aporte á diversidade do universo (uni-versidade: universidade). Cultura que levamos posta, como un xesto de resposta para resolver a vida, composta por tradicións, creacións, relacións e sempre en devalar, sufrindo tamén das imposicións interesadas do mercado que tentan convertela nun esperento, produto para días, actos, cerimoniais, abafada no tufo do endomingado. Non faltarán cabodanos, conmemoracións que aproveitaremos para poñer en escena o verdadeiro sentir do que cultivamos colectivamente e se chama cultura: a celebración do 1 de Abril como Día das Artes Galegas, dedicada ao fotógrafo allaricense Xosé Suárez Fernández (1902-1974), o 17 de maio, Día das Letras Galegas, dedicada nesta ocasión pola Academia Galega á escritora e xornalista viguesa Begoña Caamaño (1964-2014), o 18 de maio Día Internacional dos Museos... tendo tamén en conta que neste ano fai cincuenta anos do pasamento do ourensán don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), onde Trasalba será foco no que beber do espírito de Nós, o daquel humanista tan seguido nas nosas actividades coñecendo Galiza, tendo como referente a súa guía e a ansia de bo e xeneroso. Ano tamén do centenario do pasamento de xenial músico coruñés Marcial del Adalid (1881-1826)... Sobrarán pois motivos cos que animar a cultura, como sedución, elemento de igualdade en busca da liberdade e da Paz.

Canto facemos tratará de singularizar a cada persoa, a diferenciarse desa tendencia a estandarizalo todo, á masificación, tendencias que alimentan a turismofobia. E para iso está noso espazo de Portas Ártabras, un recanto de cultura no corazón da Cidade Vella da Coruña, onde cada día hai algo no que furar no universo da cultura, así como a serie de viaxes que, entre tanta competitividade, distinguímonos pola dedicación, por fuxir dos estereotipos, para facelos á medida de quen gusta de saber de todo, das tradicións, da arqueoloxía, dos museos, da arte, de moda, da contemporaneidade dos sitios que se visitan e para iso necesitamos da ansia e da colaboración de quen desexe acompañarnos. Velaquí, esperámoste.

“PORTAS ÁRTABRAS”

Así se coñece o espazo de cultura de Amigos dos Museos de Galicia, situado na rúa Sinagoga 22, edificio da autoría do arquitecto Antonio López Hernández, o modernista autor de “A Terraza” de Sada. Arquitectura con coidado traballo de carpintaría nas portas exteriores e interiores, as que suxeriron o nome de “Portas Ártabras”. Nome co que queremos lembrar tamén a antiga denominación da área xeográfica prerromana coruñesa, a dos ártabros. Edificio a carón da ábsida da Colexiata de Santa María do Campo ou dos Mareantes, co camarín da Virxe da Estrela, venerada imaxe, orientadora dos mariñeiros. “Portas Ártabras” é punto de encontro, de información das actividades e con canto ten que ver co patrimonio cultural e co turismo: conferencias, cursiños e exposicións, animan este espazo que conta ademais cunha biblioteca especializada en Galicia e en viaxes.

¿QUÉ É UN MUSEO?

O concepto de museo é cambiante, sometido ás modas como tamén o son ás novas técnicas museolóxicas. Se ben hai algo que permanece: institución aberta ao público, sen espírito de lucro, que adquire, conserva, investiga e difunde aspectos materiais ou ideolóxicos do acontecer pasado ou presente, ou canto pode arrodear ao ser humano, con fins de estudo, educación, turismo ou simple lecer.

¿QUÉ SON AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DOS MUSEOS?

“... están formadas por homes e mulleres do gran público, sen fins lucrativos, organizados para a promoción e desenvolvemento do museo como institución ó servizo da sociedade” (I Congreso Internacional das Asc. de Amigos dos Museos, Barcelona 1972).

ANOTARSE NAS XEIRAS OU ACTIVIDADES

Os condicionantes de axencia, infraestrutura (transporte, hoteis), concertar visitas excepcionais, esixen certa coordinación e compromiso, por todo o que agradecemos inmensamente que @s interesad@s deixen constancia con antelación suficiente.

PARA CONTACTAR CON AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA

En “Portas Ártabras”, Sinagoga 22, baixo. Cidade Vella.
A Coruña-15001 // 19 a 21 hrs. diariamente / sábados de 12 a 14 hrs.
Tfn.- 981210101 / 630930298
correo@amigosmuseosgalicia.org | www.amigosmuseosgalicia.gal
Búscanos nas redes sociais: Facebook, Instagram e X

XANEIRO

* Mes para reorganizar aspectos e dar a coñecer o programa 2026.

FEBREIRO

* **2 luns:** dentro do programa de proxeccións para todos os luns que seguen, iniciamos con conversas arredor do Imbole gaélico, céltico e do Entroido.

* **15 domingo:** Xeira da Aventura por un representativo Entroido de Galicia.

* **26 xoves:** Asemblea anual de soci@s,

20 hrs. En Portas Ártabras.

MARZO

* **7 sábado:** Xeira á Trasalba de Otero Pedrayo, seguindo a Oseira.

* **21 sábado:** Monforte de Lemos e os seus museos.

* **28 sábado:** Visita de tarde á exposición sobre Asorey na Cidade da Cultura, Compostela.

ABRIL

* **1 mércores:** “Día das Artes de Galicia”, dedicado ao fotógrafo Xosé Suárez.

* **12 domingo:** Xeira para coñecer integralmente Allariz e a súa contorna.

* **18 sábado:** Celebración do “Día Internacional dos Monumentos e os Sitios”.

* **26 domingo:** Xeira ás terras de Ortegal.


MAIO

* **10 domingo:** Xeira a Terras de Alfoz, S. Martiño de Mondoñedo e Sargadelos.

* **17 domingo:** “Día das Letras Galegas” dedicado á xornalista Begoña Caamaño.



Pena Corneira (Leiro)



Capitel entrada Igrexa de Trasalba

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D				
						1							1											1							1
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12				
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19				
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26				
26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28		23 ^o	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30							

* **18 luns:** “Día Internacional dos Museos”. Acto en “Portas Ártabras” e no que se dará a coñecer o “Premio Pedra do Destino 2026”.

* **31 Domingo:** Xeira ás Médulas, o seu emporio mineiro do ouro.

* **Nunha tarde** realizarase unha visita especial ao pazo do Faremello e a súa contorna. Preanotarse e comunicarse día e hora.

XUÑO

* **14 domingo:** Terras de Lalín, Doade e a súa Casa do Patrón.

* **28 domingo:** Xeira a terras de Grandas de Salime. Arqueoloxía, etnografía...

XULLO

* **Primeira quincena:** Viaxe antolóxica a Perú e á cultura Inca (Ver programa especial e preinscribirse en Ciberviaxes, rúa Menéndez Pelayo, 12,

Coruña – tfn.: 981216600)

* **26 domingo:** Xeira aos montes dos Ancares.

AGOSTO

* **9 domingo:** Xeira a Soutomaior, Xende, Fornelos de Montes.

* **30 domingo:** Xeira a Terras de Cuntis, Moraña e Petróglifos de Campo Lameiro.

* **En data e tarde** que se fixará, farase unha visita a Sobrado e Terras de Curtis, lembrando a María Antonia Dans. Preanotarse.

SETEMBRO


* **13 domingo:** Tradicional xeira ao Courel de Novoneyra.

* **25 – 26 – 27:** Viaxe á portuguesa Serra da Estrela (Grupo moi reducido). Preinscribirse en Ciberviaxes, rúa Menéndez Pelayo, 12,

Coruña – tfn.: 981216600).

* **En data e tarde** que se fixará, farase unha visita a Buño e Malpica.

MAIO							XUÑO							XULLO							AGOSTO										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D				
						1							1											1							1
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9				
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16				
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23				
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31			23 ^o	24	25	26	27	28	29	30			



Bosque de O Rexo de Ibarrola (Allariz)

OUTUBRO

* **11 domingo:** Xeira por Terras da Limia, Vilar de Santos e Monterrei.

* **25 domingo:** Xeira pola Ribeira Sacra Ourensán, a do Miño.

NOVEMBRO

* **Primeira quincena:** Viaxe a Emiratos Árabes: Abu Dhabi, Dubai...

súas sorprendentes arquitecturas, museos e iniciativas turísticas. Preinscribirse en Ciberviaxes rúa Menéndez Pelayo, 12, Coruña – tfn.:981216600.

* **16 luns:** “Día Mundial do Patrimonio Cultural”.

* **29 domingo:** Xeira ao Morrazo, Costa da Vela, e Cangas.

* **Nunha tarde** realizarase unha visita especial ás cubertas, Museo e Catedral de Santiago. Preanotarse e comunicarse o día e hora.

DECEMBRO

* **17 xoves:** Despedida de ano en Portas Ártabras.

* **20 domingo:** Xeira polas sorprendentes terras lucenses do Val de Neira.

Viaxes longas previstas para o futuro. Mesmo pódense propoñer outras. Trátase de itinerarios “de autor”, fora dos programas convencionais e masivos. Ante todo tendo moi presente a seguridade, como a realización da totalidade do programa:

*Primavera: Escocia // Sicilia, Sur de Italia // Malta *Outono: Chicago, ruta 66 // Cuba *Cidades e rexións: Hamburgo // Valencia // Córdoba // Huelva... Entre outras xeiras, que incluso poden repetirse con grupos minoritarios.

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D				
						1							1											1							1
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13				
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20				
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27				
28	29	30					26	27	28	29	30			23 ^o	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31							



Detalle de canga